

Á atención dos medios de comunicación:

Continúan as proxeccións no Festival da Madama

- O Premio do Público do Festival decidirase logo de reconto dos votos que os espectadores emiten despois de cada proxección.
- Durante o día de hoxe están aínda abertas as votacións para determinar cal das 28 curtas participantes no certame se alza co galardón, recoñecido cunha dotación económica de 500 euros.

Vilagarcía de Arousa, 20 de febreiro de 2009-. O Premio do Público do Festival da Madama de Sanxenxo está aínda sen decidir, polo que as proxeccións das 28 curtametraxes participantes continuarán durante o día de hoxe en distintos horarios. Así, os espectadores que desexen visionar pequenas pezas de bo cinema poden achegarse durante toda a xornada ata o Auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán para asistir a algún dos cinco pases previstos, en horario tanto de mañá como de tarde.

Logo de cada bloque de proxeccións, o público emite un voto a través do que xulga as curtas visionadas. Do reconto destes votos sairá o sábado, día da clausura do festival, o filme gañador do Premio do Público, dotado con 500 euros.

Os horarios das proxeccións previstas para hoxe venres 20 son os seguintes:

10.00 horas-Curtas IV

- Le Protecteur, de Patxi Basabe
- El ataque de los kitters asesinos, de Sam Orti
- Bilingüe, de Cecilia Perolio
- El mueble de las fotos, de Giovanni Maccelli
- A golpe de tacón, de Amanda Castro

11.30 horas-Curtas V

- Miente, de Isabel de Ocampo
- Última hora, de Domingo de Luis
- O Pintor de Ceos, de Jorge Morais
- Perversa Lola, de Sonia Méndez
- Silba Perfidia, de César Esteban

13.00 horas-Curtas I

- Cartoons, de Giselle Llanio Rosaba
- Porque hay cosas que nunca se olvidan, de Lucas Figueroa
- La increíble historia del hombre sin sombra, de José Esteban Allende
- Palíndromo, de Eva Quintas
- El hueco de Tristán Boj, de Paula Ortiz
- Made in Japan, de Ciro Albatás

18.00 horas-Curtas III

- A flor máis grande do mundo, de J. Pablo Etcheverry
- Machu Picchu, de Hatem Khraiche
- 1, 2, 3..., de Marc Travería
- The werepig (o güerepork), de Samuel Orti
- My dear Grandma (a miña querida avoa), de Marta Abad
- Galicia 2098, de Edu Lavandeira

19.30 horas-Curtas II

- Jingle Bells, de David Casademunt
- El ataque de los robots nebulosa 5, de Chema García
- The revolt of the mouses, de David Gen
- Mofetas, de Inés Enciso
- Pim, pam, pum, de Andoni de Carlos
- Un hombre tranquilo, de Arántzazu G. Bayón

Para o **sábado 21**, día de clausura deste I Festival da Madama, a distribución horaria dos distintos bloques de curtas é a seguinte:

10.00 horas-Curtas V

11.30 horas-Curtas III

13.00 horas-Curtas IV

Saúdos cordiais de Mr. Misto Films.